



CONSORCIO DE
SANTIAGO

Newsletter

Galego_ Maio 2020

REHABILITACIÓN |

O “Programa Localízate” permitirá aos comerciantes adaptar os seus locais ás esixencias da nova normalidade



O Consorcio destinará 35.000 € á rehabilitación dos locais comerciais da cidade histórica a través do “Programa Localízate”. O organismo solicitou o desbloqueamento, derivado do estado de alarma, dos prazos administrativos deste programa, en base á “urxencia que teñen os comerciantes por adaptar os seus locais ás esixencias da nova normalidade”.

As solicitudes e a documentación poderán presentarse ata o 12 de xuño no rexistro do Consorcio (R/ Villar, 59) ou en calquera outro rexistro. As dúbidas relativas a esta convocatoria atenderanse prioritariamente por teléfono (981 574 700); en caso de precisar unha consulta presencial, será con cita previa.

O programa incentiva a mellora da accesibilidade, da eficiencia enerxética, a imaxe exterior, o acondicionamento interior e acústico. Inclúense os honorarios de redacción do proxecto e a dirección técnica da obra. A Oficina Técnica do Consorcio redactará a documentación técnica das obras de pequena entidade. A contía da axuda acadará o 40 % do orzamento aceptado.

EXPOSICIÓNS E PUBLICACIÓNS |

O Consorcio promoveu máis de 40 exposicións nos últimos oito anos

O Consorcio promoveu máis de 40 mostras nos últimos oito anos, na súa maioría relacionadas coa cidade e a súa historia, desde *Compostela dicitur* sobre Santiago e a catedral no século XIII, ata a colectiva que hoxe permanece temporalmente pechada sobre as identidades de xénero.

A entidade empezou a organizar exposicións cara ao ano 2012, primeiro no Museo das Peregrinacións e de Santiago e logo na Casa do Cabido, que rexistra unhas 20.000 visitas anuais. Fotografía, pintura, debuxo, escultura, bibliografía, postais, xoias, moda, ourivaría, arquitectura efémera, instrumentos musicais, figuras e obxectos de todo tipo constitúen a multiplicidade de soportes, formatos e técnicas artísticas que se puideron contemplar nestes anos.



A biografía de Castelao de Miguel Anxo Seixas, “mellor iniciativa bibliográfica de 2019” na Gala do Libro Galego

Os Premios Gala do Libro Galego é unha iniciativa da Asociación Galega de Editoras, Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega e a Federación de Librarías de Galicia. O xurado desta 5ª edición recoñeceu como “mellor iniciativa bibliográfica de 2019” a obra *Castelao. Constructor da nación. Tomo I 1886-1930*, a primeira parte da biografía do intelectual galeguista escrita polo historiador Miguel Anxo Seixas e que terá continuidade noutros dous tomos. É unha coedición do Consorcio de Santiago e a Editorial Galaxia.

MÚSICA |

Estrea televisiva da ópera “A amnesia de Clío”

No marco da programación do Día das Letras Galegas, a TVG emitiu a estrea televisiva da ópera galega *A amnesia de Clío* do compositor Fernando Buíde e texto do dramaturgo Fernando Epelde. A Real Filharmonía de Galicia púxo a primeira vez en escena en novembro de 2019, no Auditorio de Galicia, baixo a batuta de Paul Daniel.

É unha coprodución da compañía Voadora -con dirección escénica de Marta Pazos- e o Consorcio de Santiago-Real Filharmonía de Galicia, Centro Dramático Galego, Xunta de Galicia e a Asociación Amigos da Ópera de Santiago; realizada co apoio da Deputación da Coruña e os concellos de Santiago e A Coruña; e co patrocinio do Xacobeo 2021.

